

Extensión de Ardora para Moodle – **Instalar nun curso de Moodle unha actividade interactiva de Ardora**

www.webardora.net

VERSIÓN 10.0

0.- Antes de empezar.

Antes de empezar **é importante que teña en conta o seguinte:**

1.- Neste tutorial explícase como subir unha actividade creada con Ardora a un curso de Moodle mediante a **extensión de Ardora** para esta plataforma polo que a citada **extensión ha de estar correctamente instalada**. De non ser así pida ao administrador ou administradora da súa aula virtual que a instale (nesta web hai un tutorial onde se explica paso a paso o proceso para seguir).

2.- **Ten sentido** inserir unha actividade da forma que imos comentar neste tutorial **sempre que desexe levar un control detallado do realizado polas súas alumnas e alumnos. Se o seu curso non ten alumnado matriculado e asignado a un grupo subir a actividade tal e como se conta aquí non será útil** (a actividade non funcionará). Nese caso suba a actividade a Moodle como calquera outro contido, así a actividade estará operativa pero non realizará ningún control do realizado polo alumnado.

3.- Os **tipos de contidos que poden subirse** mediante esta extensión son:

Calquera das máis de 40 **actividades interactivas** que crea Ardora.

Os **paquetes de actividades**.

Os **espazos web**.

De cada un destes contidos pode atopar un tutorial nesta mesma web.

Para outros contidos, como as páxinas multimedia que crea Ardora, pode subilas á aula mediante a opción "arquivo" de Moodle..

Extensión de Ardora para Moodle – **Instalar nun curso de Moodle unha actividade interactiva de Ardora**


www.webardora.net

Guía rápida



A 1 Crear actividade → 2 Establecer puntuación → 3 Obter zip



Puntuación:
Por cada respuesta correcta + 1
Por cada respuesta incorrecta - 1



m 4 Engadir actividade → 5 Engadir zip → 6 Descomprimir



7 Seleccionar htm como principal


1.- Creamos a actividade.

O proceso é moi sinxelo. Empezaremos por crear a actividade que queremos subir ao noso curso. Introduza todos os datos que estime oportunos e comprobe o seu correcto funcionamento mediante a "vista previa".

Teña en conta que os valores que introduza en **puntuación** serán os que logo se reflectan tanto no **libro de cualificacións** de Moodle como no **informe detallado** que crea Ardora (máis adiante explicamos como se accede a ese informe).

Puntuación:
Por cada respuesta correcta + 1
Por cada respuesta incorrecta - 1

Unha vez que a actividade está "ao noso gusto" debemos de crear o arquivo zip que logo subiremos ao curso da nosa aula virtual. Para iso só debemos de facer clic no **botón co logotipo de Moodle** (tamén se pode acceder dende o menú "Archivo").



O programa solicitará un nome para ese arquivo e encargarse de crear todo o necesario no ficheiro zip.

Extensión de Ardora para Moodle – **Instalar nun curso de Moodle unha actividade interactiva de Ardora**

www.webardora.net

2.- Subimos a actividade ao noso curso.

No lugar do noso curso que desexemos pulsamos sobre "**Engadir unha actividade ou recurso**" e, na xanela que aparece, seleccionamos "**Ardora**".

Con iso abrírase unha xanela na que teremos que inserir os parámetros necesarios para a nosa actividade.

Añadir una actividad o un recurso



Nesta nueva ventá debemos de realizar o seguinte:


1.- Nome: escriba un texto que identifique á actividade no curso.

2.- Descrición: se o desexa pode introducir un comentario, consellos para o alumnado, aspectos a ter en conta etc.

3.- Debe de marcar esta casa se desexa que se mostre no curso o texto escrito no punto 2.

4.- Seleccionar arquivos: cargue aquí ou **arrastre o ficheiro zip** que acaba de crear en Ardora.

5.- Faga **clic no ficheiro zip** unha vez que se completou a "subida". **6.-** Pulse no botón "**Descomprimir**". Despois dun tempo, no mesmo sitio que está o arquivo zip terá outros arquivos e cartafoles.



Extensión de Ardora para Moodle – **Instalar nun curso de Moodle unha actividade interactiva de Ardora**


www.webardora.net

Agora observe que nos arquivos e cartafóles que aparecen hai un arquivo, que ten o mesmo nomee que o ficheiro zip que subimos (nas imaxes "mate01") pero coa extensión "htm" (nas imaxes "mate01.htm").

7.- Facemos **clik sobre o arquivo htm**.


8.- Na xanela emerxente, indicamos que é o arquivo principal facendo clic sobre "**Configurar como arquivo principal**".

Agora xa podemos **borrar o arquivo zip** que acabamos de subir con tan só facer clic no ficheiro zip e pulsando esta vez en "borrar".



No apartado de "**aparencia**" pode determinar como se vai a mostrar a actividade dentro do seu curso.

Na opción de "**Display**" pode seleccionar entre distintos valores que indicarán o lugar no que se mostra a actividade. Pode ser moi interesante que pulse sobre "**Mostrar máis...**" xa que así poderá especificar o ancho e alto que terá a xanela emerxente ou o contedor da actividade dentro do curso.



Agora xa só restaría gardar a actividade en "**Gardar e regresar ao curso**" para que se mostre no noso curso. Lembre que os parámetros que acabamos de introducir sempre poden ser reeditados.

Extensión de Ardora para Moodle – **Instalar nun curso de Moodle unha actividade interactiva de Ardora**

www.webardora.net

Libro de cualificacións.

Despois de que o alumnado realice a actividade poderá **consultar** tanto alumnado (se a configuración de Moodle permíteo) como profesorado **a puntuación obtida** por cada

alumno en cada unha das actividades que insira no apartado de "**Cualificacións**" do propio curso.



The screenshot shows the Moodle gradebook interface. On the left, a table lists the activity 'Problema 1' with a calculated weight of '-' and a score of 1.00. On the right, a more detailed view shows a table with columns for 'Nombre / Apellido(s)', 'Problema 1', and 'Total del curso'. It lists five students: Alumno 01 Apellidos 01 (score 1.00), Alumno 02 Apellidos 02 (score -), Alumno 03 Apellidos 03 (score 0.00), Alumno 04 Apellidos 04 (score -), and Alumno 05 Apellidos 05 (score -). A 'Promedio general' row at the bottom shows a score of 0.50.

1.- No caso dun **alumno ou alumna** verá exclusivamente a súa puntuación.

2.- No caso dun **profesor ou profesora** verá a relación de todo o alumnado matriculado no curso e a puntuación obtida (no caso de que accedesen á actividade).

Con todo, **se desexa máis información** sobre o feito por cada un dos seus alumnos e alumnas como: o tempo empregado, as veces que tentou solucionar a actividade ou os puntos obtidos o mellor é acudir ao informe detallado que se comenta no seguinte apartado.

Informe da actividade.

IMPORTANTE: Para que os informes detallados que crea Ardora poidan ser ollados **o alumnado ha de estar matriculado obrigatoriamente nun determinado grupo.**

Ao abrir a actividade, achegando o **cursor do rato** ao **bordo dereito do espazo que contén á actividade** aparecerá na esquina inferior dereita un **botón redondeado** que nos levará ao informe detallado.

Extensión de Ardora para Moodle – Instalar nun curso de Moodle unha actividade interactiva de Ardora

www.webardora.net

Lee con atención lo que dice la niña y contesta.

En esta librería harían falta cinco libros para tener la centena.

¿ Cuántos libros harían falta para tener la centena?

Respuesta:

¡ Bien hecho!

Curso Ardora Ejemplo - Problema 1

Apellidos 03 Alumno 03

1.- 3/12/2023 17:28

Nº	Actividad	Inicio	Fin	Estado	intentos:	puntos:
1	Problema 1	17:28:17 h	17:28:30 h	❌	2	-2
2	Problema 1	17:28:42 h	17:28:56 h	✅	1	0
Total						0

2.- 3/12/2023 17:33

Nº	Actividad	Ejecuciones	Estado	intentos:	puntos:
1	Problema 1	1	⚙️	0	0
Total					0

Na imaxe móstrase o informe que vería o alumno do seu traballo. Pódese apreciar que entrou a realizar esta actividade dúas veces. A primeira o día 3/12/2023 ás 17:28 e realizou dúas execucións (tentou dar a resposta dúas veces), se colocamos o cursor do rato sobre ese número dous aparece o detalle que se ve na imaxe; a primeira vez obtivo un erro (icona vermella - resposta incorrecta ou tempo esgotado) e unha puntuación de -2 puntos mentres que a segunda vez resolveuna correctamente (icona verde) pero obtivo 0 puntos.

No caso de que sexa o profesor o que accede ao informe verá exactamente o mesmo pero para cada un dos alumnos que xa accederon á actividade. Neste caso, na imaxe, podemos ver que o "Alumno 01" entrou tamén dúas veces e que a segunda vez, no apartado "estado" aparece unha icona gris o que indica que o sistema mostrou a imaxe pero que a actividade non foi resolta nin ben nin mal.

Curso Ardora Ejemplo - Problema 1

Apellidos 01 Alumno 01

1.- 3/12/2023 17:23

Nº	Actividad	Ejecuciones	Estado	intentos:	puntos:
1	Problema 1	1	✅	0	1
Total					1

2.- 3/12/2023 17:25

Nº	Actividad	Ejecuciones	Estado	intentos:	puntos:
1	Problema 1	1	⚙️	0	0
Total					0

Apellidos 03 Alumno 03

1.- 3/12/2023 17:28

Nº	Actividad	Ejecuciones	Estado	intentos:	puntos:
1	Problema 1	2	✅	3	0
Total					0

Observe tamén que, no caso do profesor, para cada unha das veces que entrou o alumno hai unha X vermella, pulsando nela borrariamos eses datos de acceso para, por exemplo, cando un alumno ou alumna entra e sae da actividade por erro.